

ANA MARÍA SOTO LANDEIRA

Ana María Soto Landeira naceu en Vigo no ano 1921.

O seu logro foi ser a primeira asistente social en Galicia

Esforzouse por conseguir melloras laborais e sociais para as empregadas das conserveiras de

Cangas e Bueu. Cando rematou o bacharelato, o seu pai animouna a seguir estudando polo que se

foi a universidade de Santiago para cursar Maxisterio. Ao rematar regresou

a Vigo, e comezou a dar clases polas tardes nunha escola para obreiras. Un día

un pai jesuita convidouna a unha reunión, na que ela soamente ía para ver o tema lle

gustaba, porque en realidade non lle interesaba demasiado. Pero ao rematar

convenceulle tanto que comezou a visitar as obreiras das empresas. Conseguiu que

nunha das fábricas deixase saír media hora antes as empregadas para reunirse con

ela e lle contasen os seus problemas. Máis adiante, ese pai jesuíta estivo en Madrid

e faloulle do marabillosas que eran as escolas de asistentes sociais. Ana María empezou a pensar

que iso era o dela, e o pai xesuíta preguntoulle se estaba disposta a irse e ela dixo que si; naquela

época iso era moi complicado pero o pai jesuíta deulle tantas facilidades que iso aínda a animaba

máis a irse. Cando rematou a formación volveu a Galicia, e como coñecía a muller de Gaspar

Massó falou de Ana María na empresa. Un día chamárona para unha entrevista; tras un período dun

mes e medio durante o cal visitou os familiares das

traballadoras nas súas casas para coñecer as súas necesidades

reais, comezou a traballar como administrativa da fábrica o 1

de febreiro de 1955. Pouco tempo despois ascendérona á

categoría laboral que realmente lle correspondía. Dedicou

moitos anos da súa vida ao seu traballo como asistente social

no que acederon importantísimos e innovadores logros. Para aquela época tales como

acompañamento e asesoramento nunha gardería con pediatra para os fillos e fillas dos

traballadores\as, becas para que puidesen estudar, comedores para os empregados\as. O seu labor

chegou a acadar tal sona e importancia que foi cofundadora da “Escuela de Enseñanza Social en

Galizia” en Santiago de Compostela, onde impartía clases periódicamente. Anos máis tarde, esta

escola padroa a integrarse na estrutura da Universidade. En 1963 foi recoñecida como a mellor

asistente Social de Galicia; en 2010, foi homenaxeada na Gala da Igualdade do Concello de Bueu,

ademais de nes nas Xornadas da Muller organizadas pola Asociación A cepa de Cangas; en 2014

rendéronlle tamén homenaxe as Traballadoras e Traballadores Sociais de Vigo e Pontevedra e, en

2016, foi homenaxeada “Filla Adoptiva do Concello de Cangas.

